

BASES CONCURSOS DE DISFRACES DO ENTROIDO DE RIBEIRA 2025

O Concello de Ribeira, con motivo da celebración do Entroido 2025, organiza dous concursos de disfraces, un na modalidade infantil e outro na modalidade de adultos, con diversos **premios cun importe de 500,00 € para a categoría infantil e 2000,00 € para a categoría de adultos: 2500,00 € en total**. As condicións e requisitos para a participación son as seguintes:

1) CONCURSO MODALIDADE INFANTIL

1.1.- PARTICIPANTES

Poderán participar nenas e nenos **menores de 18 anos**. Os participantes non poderán obter máis dun premio do concurso.

1.2.- CONCURSO

1.2.1.- Mecánica do concurso

Poderá concursar calquera nena ou neno menor de 18 anos que participe no desfile que se organizará o martes 4 de marzo de 2025 no marco da festa infantil de Entroido.

Todos os participantes no concurso deberán desfilar na pasarela que se organizará en dita festa infantil e enviar unha fotografía do participante disfrazado (sacada no momento do desfile na pasarela) ao enderezo electrónico **comercio@ribeira.gal**. Neste correo electrónico deberanse indicar os seguintes datos persoais: nome e apelidos do participante, teléfono de contacto e achegar copia do DNI do pai/nai/titor do participante. Esta imaxe será a empregada para a deliberación do Xurado, cedendo o dereito da imaxe ao Concello de Ribeira.

1.2.2.- Prazos para enviar as fotografías

Os prazos para remitir os datos solicitados así como a fotografía dos participantes desfilando é o seguinte: **dende o martes 4 de marzo no momento de realizarse o desfile ata o luns 10 de marzo ás 23:59 h.**

1.3.- PREMIOS

Outorgaranse cinco premios valorados en 100 euros cada un, distribuídos en bonos para mercar no comercio local.

O Concello de Ribeira, a través da concellería de cultura, poñerase en contacto cos/as gañadores/as para facer efectiva a entrega dos diplomas e premios nun acto público. No suposto de que algún premio non fosen recollidos na Concellería de Cultura antes do prazo dun mes dende a comunicación dos agraciados, perderán a súa validez e non serán entregados ás persoas interesadas. As persoas gañadoras terán que canxear os bonos nos establecementos sinalados como máximo ata o 30 de abril do presente.

FIRMANTE - FECHA

ANTIA ALBERTE MANEIRO-Concelleira delegada de Cultura, Mocidade, Medio Ambiente e Benestar Animal - 24/01/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 24/01/2025 16:21:19

EXPEDIENTE ::
2025CONV000001
Fecha: 21/01/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL



2) CONCURSO MODALIDADE ADULTOS

2. 1.- PARTICIPANTES E PRAZO

O concurso na modalidade de adultos para as distintas categorías desenvolverase dende o venres 28 de febreiro ás 12:00 h ata o mércores 5 de marzo ás 22:00 h.

Poderán participar todas as **persoas a partir dos 18 anos**.

Os participantes poderán inscribirse nas categorías que desexen sempre e cando cumpran cos requisitos e participen cun disfrace distinto en cada unha delas. Os participantes non poderán obter máis dun premio.

2. 2.- PREMIOS

O concurso na modalidade de adultos outorga premios distribuídos en catro categorías.

Categorías:

- INDIVIDUAL:

1º PREMIO: 150 €

2º PREMIO: 75 €

3º PREMIO: 50 €

- PARELLA/TRÍO (mínimo dúas persoas, máximo tres):

1º PREMIO: 250 €

2º PREMIO: 150 €

3º PREMIO: 100 €

- GRUPO (mínimo de catro persoas):

1º PREMIO: 425€

2º PREMIO: 250€

3º PREMIO: 150 €

- CATEGORÍA ENTERRO DO FELIPE:

A)PREMIO INDIVIDUAL AO MELLOR DISFRACE DE CHORÓN/CHORONA: 100 €

B)PREMIO AO GRUPO MÁIS NUMEROSO DE CHORÓNS/CHORONAS : 300 €

A todos os premios seralles de aplicación a redución do IRPF correspondente. O Concello de Ribeira poñerase en contacto cos gañadores para facer efectiva a entrega dos diplomas nun acto público así como das gratificacións das categorías premiadas que serán a través de transferencia bancaria podendo solicitarlle a documentación necesaria para tal fin.



2.3. - PARTICIPACIÓN DOS LOCAIS - INSCRICIÓN

Os locais hostaleiros que queiran participar deberán inscribirse no enderezo electrónico comercio@ribeira.gal ou no telf. 686 58 70 00 a partir da data de publicación dos concursos no Boletín oficial da Provincia (BOP) e como data límite ata xoves 20 de febreiro de 2025 ás 23:59 h.

Aos locais participantes entregaránselle tarxetas coa ruta dos distintos locais hostaleiros que deberán entregar aos clientes que desexen concursar. Esta tarxeta deberánla selar/asinar aos concursantes en cada establecemento participante en que o soliciten.

2.4.- MECÁNICA DO CONCURSO

*As persoas ou grupo de persoas **maiores de idade** que desexen participar **deberán acudir disfrazados a algún dos locais hostaleiros adscritos a este certame dende o venres 28 de febreiro ás 12:00 h ata o mércores 5 de marzo ás 22:00 h e solicitar unha tarxeta de participación.**

Os participantes nas **categorías individual, parella/trío ou grupo, deberán selar esta tarxeta ao menos en tres dos locais participantes para que sexa válida e sacar a fotografía do disface diante ou nun destes locais participantes.**

Todos os participantes no concurso, independentemente da categoría na que participen, deberán **enviar a imaxe da tarxeta cuberta e a fotografía do disface ao enderezo electrónico comercio@ribeira.gal** cos seguintes datos persoais: nome, apelidos, teléfono de contacto e DNI dunha das persoas (representante) que aparecen na mesma e indicar a que categoría ou modalidade do concurso se presenta (individual, parella/trío ou grupo).

*Os participantes na **categoría enterro do Felipe** deberán facer unha fotografía durante o desfile do **Enterro do Felipe en Ribeira ou calquera outra parroquia do municipio que celebre este evento**, enviala ao enderezo electrónico comercio@ribeira.gal Neste correo electrónico deberánse indicar os seguintes datos persoais: nome e apelidos do participante, teléfono de contacto e achegar copia do DNI do participante para a categoría individual e do representante para a categoría grupal. Esta imaxe será a empregada para a deliberación do Xurado, cedendo o dereito da imaxe ao Concello de Ribeira.

O prazo para remitir a tarxeta cos datos e a fotografía por correo electrónico, así como para a publicación no Facebook é o seguinte: **dende o venres 28 de febreiro ás 12:00 h (momento no que comeza o concurso) ata o luns 10 de marzo ás 23:59 h.**

FIRMANTE - FECHA

ANTIA ALBERTE MANEIRO-Concelleira delegada de Cultura, Mocidade, Medio Ambiente e Benestar Animal - 24/01/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 24/01/2025 16:21:19

EXPEDIENTE ::
2025CONV000001

Fecha: 21/01/2025

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL



Esta imaxe será empregada para a deliberación do Xurado, cedendo o dereito de dita imaxe ao Concello de Ribeira. Ademais, para que a participación sexa válida, deberán publicar esta mesma fotografía no seu Facebook, etiquetando ao perfil de Cultura e Festexos de Ribeira e incluíndo o hastag **#entroidoribeira25**. Non serán válidas aquelas participacións que non cumpran con todos e cada un destes requisitos. A Organización resérvase o dereito a excluír do concurso a aqueles participantes que non reúnan os requisitos de validación que considere necesarios.

3) XURADO DOS CONCURSOS

O Xurado de ambos concursos estará composto por persoal do **Concello de Ribeira así como da Asociación de Empresarios e Hostalaría de Ribeira** que emitirán o seu veredicto ao longo do mes de marzo do presente ano.

O xurado terá a potestade de decidir, sendo inapelable o seu xuízo, así como declarar deserto algún dos premios sempre e cando considere que a calidade dos disfraces non acade o mínimo esixido segundo o seu criterio.

4) TRATAMENTO DOS DATOS, IMAXE E DEREITOS DE AUTOR

Os participantes do concurso, ao facilitar os seus datos e as imaxes, ceden automaticamente os dereitos de divulgación e reprodución por Internet ou por calquera outro medio audiovisual, das fotografías que se tomen durante o desenvolvemento do mesmo e das que presenten ao concurso.

Esta cesión realízase no contexto do presente concurso e afecta tamén aos datos persoais segundo o disposto na lexislación vixente na materia. Así mesmo, os participantes consenten automaticamente ao participar a utilización de devanditas imaxes nas que poidan aparecer, para os fins descritos no parágrafo anterior.

5) ACEPTACIÓN DAS BASES

A aceptación destas bases é condición indispensable para a participación no concurso e para poder optar aos premios (o feito de concursar supón a aceptación das bases). O incumprimento por calquera participante das condicións establecidas nas bases suporá a súa anulación automática non podendo optar aos premios.

En Ribeira, á data da sinatura dixital.

Antía Alberte Maneiro
Concelleira de Cultura

4/4



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E900168DCB00R4M1N2C9C3R2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
ANTIA ALBERTE MANEIRO-Concelleira delegada de Cultura, Mocidade, Medio Ambiente e Benestar Animal - 24/01/2025 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 24/01/2025 16:21:19

EXPEDIENTE :: 2025CONV000001
Fecha: 21/01/2025
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

